

CCR/Ra/Ms

Data Rexistro. **09/10/2023 14:40:31**
Nº Rexistro: **2023000651**

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 29 de setembro de 2023, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Carlos López Font:

13.8061.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E por último o punto número 13 que son Rogos e preguntas. ...

...

Sr. Presidente.- ... Ben, entramos no turno de Rogos e preguntas e ten a palabra o Voceiro que, lembre o que dicía a anterior Presidenta, recórdollo eu, bueno, na etapa de deputado, que as introducións ben sabe que non as toleraba moi ben, e logo que na mesma pregunta fosen máis de unha, predique co exemplo.

Sr. López Font.- Voy a hacer un ruego sencillo sin introducción y es, primero, que se cumpla el Reglamento y que se cumplan las normas en relación a este Pleno; y el segundo ruego, que lo que hice Sr. Cubela, yo como Portavoz durante ocho años de tener la lealtad institucional de avisarles a ustedes cuando había un tema importante lo haga usted conmigo y no presenten mociones a las 5 de la tarde para que nos tengamos que enterar aquí, porque eso no se lo he hecho yo nunca. Así que le ruego que sea leal institucionalmente.

Sr. Presidente.- Ben, pois non tendo máis asuntos que tratar, quero abrir un inciso antes de dar por pechada, ¡ahl, ten a palabra, pensei que só tiña rogos, que non había preguntas, ten o turno o Voceiro Socialista Carlos López Font para as preguntas.

Sr. López Font.- Ya veo que tengo que centrarme mucho porque el descoloque es tremendo. Tenemos dos preguntas: Primera, ¿ten dado o Sr. Presidente da Deputación orde ao seu equipo de comunicación de eliminar de toda a comunicación institucional a referencia aos plans provinciais?, en concreto, ¿por qué no aparece mención ao Plan Concellos, Plan Reacon, Plan 2030 o Plan extraordinario con motivo das inundacións do pasado decembro e xaneiro, nas novas que publica a Deputación?. Y la segunda pregunta es ¿pode o Sr. Presidente facilitarnos copia íntegra do chamado “Informe de avaliación interna” que deu a coñecer a principios de mes e nos que amparou as súas declaracións no sentido de que a Deputación está nunha situación económica precaria e mesmo nunha situación económica inestable? Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. ...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Carlos López Font.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Cooperación.- Contratación.- Comunicación.- Secretario.- Central.-





Preguntas efectuadas polo voceiro do Grupo Provincial Socialista na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 29 de setembro de 2023:

1ª PREGUNTA:

¿Ten dado o Sr. Presidente da Deputación orde ao seu equipo de comunicación de eliminar de toda a documentación institucional a referencia aos plan provinciais? En concreto, ¿por que non aparece mención ao Plan Concellos, Plan Reacpon, Plan 2030 ou Plan extraordinario con motivo da inundacións do pasado decembro e xaneiro, nas novas que publica a Deputación?

RESPOSTA:

Non se deu ningunha orde de eliminación da documentación referente aos plans provinciais.

A información referente aos plans provinciais figura no portal web institucional.

2ª PREGUNTA:

¿Pode o Sr. Presidente facilitarnos copia íntegra do chamado "Informe de avaliación interna" que deu a coñecer a principios de mes e nos que amparou as súas declaracións no sentido de que a Deputación está nunha situación económica precaria e mesmo nunha situación económica inestable?

RESPOSTA:

O informe de avaliación interna é un documento de traballo do equipo de goberno, polo que non procede acceder a súa petición.

